



18 XULLO | 29 AGOSTO



Museo
Etnolóxico
Ribadavia



XUNTA
DE GALICIA



galicia

BARRIGA
VERDE

de feira en feira



Fotógrafa de 'os momentos'



Mamas na Feira



Poltronas



Expositores
'o pombal'



Familias nos prazos



Despedidas



Mestres do bocado



EXPOSICIÓN: BARRIGA VERDE, DE FEIRA EN FEIRA

18 de xullo - 29 de agosto

Horario:

Martes a venres 12:00 a 14:00 h. / 18:00 a 20:00 h.

Sábados e domingos de 12:00 a 14:00 h.

Igrexa da Madalena

Promotor e organizador: Museo Etnolóxico de Ribadavia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Produción: Asociación Cultural Morreu o Demo.

web: www.barrigaverde.eu

A exposición mergúllanos no fantástico mundo no que naceu Barriga Verde, o último monicreque popular galego. Convídanos a percorrer o mundo no que se desenvolveu este espectáculo, o das feiras tradicionais, acontecemento festivo por excelencia en Galicia até a década de 1960. Así mesmo, condúcenos polas bambalinas da barraca para coñecer os segredos dos artistas que fixeron posíbel a maxia destes títeres até a súa desaparición, case ao mesmo tempo que aquelas feiras que aínda lembran as persoas maiores, de cando o cinema e a televisión aínda non eran as principais fábricas de soños.

Producida pola Asociación Cultural Morreu o Demo, embarcada no proceso de preservación e activación do teatro de títeres popular galego, a exposición inclúe pezas orixinais de José Silvent, un dos creadores de Barriga Verde, que poden verse por primeira vez desde que a barraca “Melodías de España” deixou de percorrer as feiras do país, en 1964. Tamén se inclúen pezas orixinais da tradición europea de títeres de cachaporra e outros obxectos propios do universo das feiras tradicionais, así como elementos audiovisuais e interactivos que converten a exposición nunha experiencia sensorial para toda a familia.



BARRIGA VERDE

de feira en feira

Desde hai séculos, e até a década de 1960, numerosos artistas percorreron os camiños para levar os seus espectáculos polas vilas e aldeas galegas, aproveitando a celebración dunha festa ou buscando a calor dunha taberna ou unha palleira. Verdadeiras estirpes de titiriteiros que transmitían os segredos da profesión de xeración en xeración enchían de luz os rostros das xentes que agardaban todo o ano para contemplar as trasnadas dos heroes cómicos do teatro de marionetas de luva e outros números de acrobacias, equilibrio ou funambulismo... Iso que deu en chamarse “varietés” e que esmorecería tras a chegada do cinema.

O último representante desta tradición en Galicia foi **Barriga Verde**, boneco e marionetista a un tempo, cuxa memoria permanece aínda indelével en moitas e moitos galegos. Esta exposición, encadrada no “Proxecto Barriga Verde” da Asociación Cultural Morreu o Demo, pretende rescatar o heroe galego de cachaporra do seu inxusto ostracismo.

*Na nosa páxina web tes
os contidos da exposición:*



www.barrigaverde.eu